



ANUNCIO

Asunto: Nomeamento de tres prazas de persoal laboral fixo, grupo IV, coa denominación auxiliar administrativo - Oficina de Rehabilitación - Servizos Xerais (2) e auxiliar administrativo - Servizos Sociais (1), OEP extraordinaria 2022 (estabilización de emprego temporal)

Expediente TEDEC: 2022/E001/000007

De acordo co previsto na base duodécima das Bases que rexen o proceso e no artigo 60 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, faise público que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 20.05.2024, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro. Nomear como persoal laboral fixo, grupo IV, auxiliar administrativo - Oficina de Rehabilitación - Servizos Xerais (2) e auxiliar administrativo - Servizos Sociais (1) as persoas segundo a seguinte relación:

- Verónica Luaces Meizoso, co DNI ***0004**, auxiliar administrativa - Servizos Xerais.
- María José Malde García, co DNI ***7303**, auxiliar administrativa - Oficina de Rehabilitación.
- Ana María Veiga Garrote, co DNI ***5100**, auxiliar administrativa- Servizos Sociais.

Segundo. Comunicarlle as persoas nomeadas que deberá tomar posesión da praza e incorporarse aos seus destinos o 01.06.2024.

Terceiro. Publicar este acordo no BOP, no DOG e no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Neda.

Cuarto. Dar conta deste acordo aos Servizos económicos municipais."

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor no prazo de dous (2) meses, a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, conforme ao disposto nos artigos 6 e seguintes (Capítulo II) da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE núm. 167, do 14.07.1998).

Tamén poderá facer uso, con carácter previo e potestativo, do recurso de reposición establecido no artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo a redacción dada pola Lei 11/99, do 21 de abril, en relación cos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 do 02.10.2015), a exercer no prazo dun (1) mes a contar a partir do día seguinte da publicación deste anuncio, ante a Xunta de Goberno Local deste Concello; sen prexuízo de que, así mesmo, as persoas interesadas poidan utilizar calquera outro recurso que consideren axeitado a dereito.

Neda, 21 de maio de 2024, asinado dixitalmente polo Alcalde, Ángel Alvaríño Saavedra.